



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 322

IX lexislatura

4 de agosto de 2014

---

### SUMARIO

---

#### **1. Procedementos parlamentarios**

##### **1.1. Procedementos de natureza normativa**

##### **1.1.2. Propostas de normas**

##### **1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei**

##### **1.1.2.1.2. Proposicións de lei**

Informes das Ponencias sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia [72532](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

#### **Informes das Ponencias sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* dos Informes das Ponencias sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2014

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta

#### **Informes das Ponencias sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia**

As Ponencias designadas pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e a Comisión do Regulamento, para emitir informe sobre a Proposición de lei de reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e do Regulamento do Parlamento de Galicia, nas reunións e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto da proposición e das emendas presentadas ao seu articulado, elaboraron, para o seu debate perante o dito órgano, os seguintes informes:

### INFORMES

#### 1. Antecedentes

1.1. A proposición de lei do G.P. Popular de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día de xaneiro de 2014, co número de asentamento 16834.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 14 de xaneiro de 2014, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 222, do 15 de xaneiro de 2014).

1.3. Na sesión plenaria do día 11 de febreiro de 2014 tomouse en consideración a proposición de lei.

Así mesmo, na reunión do día 18 de febreiro de 2014, oída a Xunta de Portavoces, acordou, tendo en conta que a Proposición de lei afecta materias sobre as cales son competentes varias comisións, asignar á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, a tramitación da exposición de motivos do artigo único, punto 1, do artigo único, punto 2, e da disposición derradeira, e asignar á Comisión do Regulamento a tramitación do artigo único, punto 3, e a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou, esgotadas as prórrogas solicitadas, o día 24 de marzo de 2014, ás 18.30 horas.

1.4. As emendas ao articulado presentadas á parte da Proposición de lei asignada á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior –cualificadas pola Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 9 de maio de 2014 e publicadas no BOPG núm. 290, do 14 de maio de 2014– foron nun número de dezanove emendas ao articulado do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 21341) e dez emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 21291), das cales a Mesa admitiu as emendas números 1 ao 8, 14 e 35 ao 38 do G.P. dos Socialistas de Galicia, e os puntos 1, 4, 7 e 8 da emenda número 1 e a emenda número 2 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

As emendas ao articulado á parte da Proposición de lei asignada á Comisión do Regulamento, cualificadas pola súa Mesa na sesión do día 13 de maio de 2014, foron un total de dezanove emendas do G.P. dos Socialista de Galicia e admitidas a trámite, agás os números 19 ao 34.

#### 2. Constitución, composición e reunións das Ponencias

##### 2.1. Constitución e composición das Ponencias

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 13 de maio de 2014, designou os seguintes ponentes:

— Polo G.P. Popular de Galicia:

D. Pedro Puy Fraga (titular)

D<sup>a</sup> Paula Prado del Río (suplente)

— Polo G.P. dos Socialistas de Galicia:

D. José Luis Méndez Romeu (titular)

D<sup>a</sup> Beatriz Sestayo Doce (suplente)

— Polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (titular)

D<sup>a</sup> María Tereixa Paz Franco (suplente)

2.2 A Comisión do Regulamento, na sesión do día 20 de maio de 2014, designou os seguintes ponentes:

— Polo G.P. Popular de Galicia:

D. Pedro Puy Fraga (titular)

D<sup>a</sup> Paula Prado del Río (suplente)

— Polo G.P. dos Socialistas de Galicia:

D. José Luis Méndez Romeu (titular)

D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar (suplente)

— Polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego:

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (titular)

D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín (suplente)

2.3. Reunións da Ponencia da Comisión 1<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A sesión constitutiva da Ponencia encargada de informar da materia relativa á reforma da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, tivo lugar o 11 de xuño, baixo a presidencia de D. Agustín Baamonde Díaz, presidente da Comisión 1<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e coa asistencia dos ponentes titulares Sr. Puy Fraga, Sr. Méndez Romeu, e Sr. Jorquera Caselas, e nela fixouse o calendario de traballo e a metodoloxía que se ía seguir.

Na seguinte reunión, que tivo lugar o 20 de xuño de 2014, coa asistencia dos ponentes titulares Sr. Puy Fraga, Sr. Méndez Romeu e Sr. Jorquera Caselas, examináronse as emendas presentadas, e na derradeira reunión, que tivo lugar o 16 de xullo, coa asistencia do Sr. Puy Fraga e do Sr. Méndez Romeu, elaborou o seu informe.

2.4. Reunións da Ponencia da Comisión do Regulamento.

A sesión constitutiva da Ponencia encargada de informar da materia relativa á reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia tivo lugar o 20 de maio, baixo a presidencia de D<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera, presidenta da Comisión, e coa asistencia dos ponentes titulares Sr. Puy Fraga, Sr. Méndez Romeu e Sr. Jorquera Caselas, e nela fixouse o calendario de traballo e a metodoloxía que se ía seguir.

Na seguinte reunión, que tivo lugar o 20 de xuño de 2014, coa asistencia dos ponentes titulares Sr. Puy Fraga, Sr. Méndez Romeu e Sr. Jorquera Caselas, examináronse as emendas presentadas, e na derradeira reunión, que tivo lugar o 16 de xullo, coa asistencia do Sr. Puy Fraga e do Sr. Méndez Romeu, elaborou o seu informe.

3. Elaboración dos infomes

A) A Ponencia designada pola Comisión 1<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, como resumo do seu labor formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

1. A transacción coa seguinte emenda nos termos que recolle o texto articulado:

- Número 6 do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica o artigo 4 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

- Número 7 do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica o punto 2 do artigo 6 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

- Número 8 do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica o punto 3 do artigo 6 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

2. O rexeitamento de todas as demais emendas do G.P dos Socialistas de Galicia e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

B) A Ponencia designada pola Comisión do Regulamento, como resumo do seu labor, formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

1. A transacción coas seguintes emendas nos termos que recolle o texto articulado:

- Emenda número 16, pola que se modifica o punto 4 do artigo 15 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

2. O rexeitamento de todas as demais emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia.

4. Texto articulado do informe

Exposición de motivos

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, dispón no seu artigo 11 que o Parlamento de Galicia, como un dos poderes da Comunidade Autónoma, «estaré constituído por deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto». O mesmo artigo precisa, no seu segundo punto, que será elixido «de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio galego»; no seu cuarto punto, que «a circunscrición electoral será, en todo caso, a provincia»; e, no seu punto quinto, que «unha lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o número deles entre sesenta e oitenta, así como as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que afecten os postos ou cargos que se desempeñen dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma».

O lexislador autonómico desenvolveu o mandato estatutario a través da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia; unha norma cuxa longa vixencia, xunto coas reformas introducidas no seu articulado ao longo do tempo, permitiron consolidar en Galicia un sistema de forzas políticas plural e propio, o que, pola súa vez, contribuíu á consolidación da democracia e do autogoberno en Galicia. Os sucesivos procesos electorais, que permitiron a forma-

ción dunha cámara lexislativa plural e representativa da cidadanía galega, sen excesivas barreiras de entrada a novas formacións políticas, así como a alternancia política e a estabilidade dos executivos, demostraron o acerto do estatuínte, ao fixar na nosa norma institucional básica os alicerces esenciais do sistema electoral; e do lexislador de 1985, ao desenvolver o mandato estatutario.

En Galicia levamos varios anos desenvolvendo políticas de contención e mellora da eficiencia do gasto público, así como de racionalización e modernización institucional da Comunidade Autónoma; unhas políticas ás que o poder lexislativo autonómico non pode permanecer alleo. Por iso, e máis aló dos esforzos de contención e redución do gasto desenvolvidos ao longo dos últimos anos nos orzamentos da Cámara autonómica, esta, en canto máxime representante da vontade da cidadanía galega, debe seguir avanzando no exemplarizante esforzo de contención e incremento da eficiencia do gasto público e de impulso á transparencia, co obxectivo fundamental de reforzar a lexitimidade das institucións básicas do autogoberno de Galicia.

Por estes motivos, esta norma introduce, en primeiro lugar, un axuste do número de deputados e deputadas que constitúen o Parlamento de Galicia. Como se explicitou, o estatuínte estableceu no seu día que a cidadanía galega estaría representada adecuadamente nunha cámara lexislativa formada por entre sesenta e oitenta deputados e deputadas. Inicialmente composta por 71 (é dicir, no rango intermedio do previsto no Estatuto), posteriormente, coa aprobación da Lei 8/1985, a Cámara foi ampliada a 75 escanos (é dicir, no rango alto do previsto na norma estatutaria). O referido proceso de racionalización da arquitectura institucional da Comunidade Autónoma e a exemplaridade que debe acompañar a conformación dos poderes autonómicos aconsellan reducir o número de escanos ao rango baixo previsto no Estatuto de autonomía, que queda fixado en 61.

Dado que o obxectivo da reforma é acomodar a composición da Cámara e non alterar os alicerces básicos dunha normativa electoral que conta cun elevado grao de consenso social, esta lei axusta, en segundo lugar, o número de escanos mínimos atribuídos a cada unha das circunscricións electorais, que queda fixado en oito. Con iso, o peso electoral de cada unha das provincias no conxunto da Cámara é basicamente o mesmo que ten na actualidade, con 75 escanos e unha atri-

bución de 10 escanos mínimos en cada circunscrición.

Ambas as dúas modificacións, en definitiva, ao non alteraren nin a estrutura esencial dos sistemas electoral e de partidos autonómicos nin a proporción de escanos que se asignan a cada circunscrición en función dos criterios poboacional e territorial nin o peso relativo que cada unha das circunscricións ten na composición da Cámara lexislativa, son neutrais desde o punto de vista electoral, como o demostra que a súa aplicación aos comicios celebrados no pasado non tería alterado nin a composición do Parlamento de Galicia nin a correlación entre as forzas políticas que obtiveron representación.

Por último, tamén se modifican os artigos 4 e 6, relativos ás causas de inexibilidade e de incompatibilidade, respectivamente.

En terceiro lugar, esta lei introduce senllas modificacións na lei electoral e no Regulamento do Parlamento para incrementar a transparencia dos representantes públicos, e eleva a rango normativo o que vén sendo xa unha práctica efectiva desde finais da VIII lexislatura, a publicación dos patrimonios dos cargos electos, garantindo, pola súa vez, os dereitos constitucionais á privacidade e á seguridade persoal.

#### Artigo único

1. Modifícanse os artigos 4, 6 e 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, que quedan redactados co seguinte texto:

##### «Artigo 4

1. Serán elixibles as cidadás e os cidadáns que, tendo a condición de electores, non estean incurso nalgunha das causas de inelixibilidade recollidas na lexislación electoral xeral.

2. Son inelixibles tamén:

a) O conselleiro ou conselleira maior e os conselleiros ou conselleiras do Consello de Contas de Galicia.

b) O valedor ou valedora do pobo e a persoa que ocupe o de adxunto.

c) Os membros electivos do Consello Consultivo de Galicia.

d) Os alcaldes e alcaldesas e as persoas que exerzan as presidencias das deputacións provinciais.

e) As persoas que exerzan secretarías xerais técnicas e direccións xerais das consellarías e direccións dos gabinetes da Presidencia e das consellarías, así como aqueles altos cargos nomeados por decreto da Xunta de Galicia, agás os membros do Consello do Goberno galego.

f) As persoas que exerzan as presidencias ou direccións xerais ou asimilados de calquera das entidades instrumentais do sector público autonómico, agás que a dita presidencia a exerza un membro do Consello do Goberno.

g) As persoas que exerzan as delegacións xerais da Xunta, as súas delegacións territoriais ou as secretarías das delegacións.

h) A persoa que exerza a Dirección Xeral da Compañía de Radio e Televisión de Galicia, ou a dirección das súas sociedades, así como os membros do seu consello de administración.

i) A persoa que exerza a Delegación Territorial da TVE en Galicia, así como as direccións dos centros de radio e televisión que dependen de entes públicos e os membros dos seus consellos de administración.

j) Os membros da Policía Autónoma en activo.

k) Do Goberno do Estado, as persoas que exerzan a presidencia, vicepresidencia, ministerios e secretarías de Estado, así como quen exerza a Delegación do Goberno en Galicia.

l) Os parlamentarios ou parlamentarias das asembleas doutras comunidades autónomas.

m) Os membros dos consellos de goberno das demais comunidades autónomas, así como os cargos de libre designación dos citados consellos.

n) As persoas que exerzan funcións ou cargos conferidos e remunerados por un estado estranxeiro».

##### «Artigo 6

2. A condición de deputado ou deputada do Parlamento de Galicia é incompatible coa de membro electo do Parlamento Europeo, do Congreso, do Senado ou das deputacións provinciais.

3. Igualmente, son incompatibles os membros de consellos de administración de calquera das entidades instrumentais do sector público autonómico, sempre que non posúan a condición de membro do Consello do Goberno galego ou dunha corporación local ou non o sexan por representación sindical.

7. O contido do Rexistro de Intereses terá carácter público a través dos procedementos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia».

#### «Artigo 9

1. O número de deputados e deputadas do Parlamento de Galicia fíxase en 61.

2. A cada unha das catro provincias de Galicia correspóndelle un mínimo inicial de 8 deputados e deputadas.

3. Os 29 deputados e deputadas restantes distribúense entre as provincias en proporción á súa poboación, conforme o seguinte procedemento:

a) Obtense unha cota de repartición resultante de dividir por 29 a cifra total da poboación de dereito das provincias de Galicia.

b) Adxudícase a cada unha das catro provincias tantos deputados e deputadas como resulten, en números enteiros, de dividir a poboación de dereito provincial pola cota de repartición.

c) Os deputados e as deputadas restantes distribúense asignando un a cada unha das provincias cuxo cociente, obtido conforme a alínea anterior, teña unha fracción decimal maior.

4. O decreto de convocatoria debe especificar o número de deputados e de deputadas que se elixirá en cada circunscrición, de acordo co disposto neste artigo».

2. Modifícase o artigo 15 e mais o punto 3 do artigo 70 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que quedan redactados como segue:

#### «Artigo 15

1. As deputadas e os deputados estarán obrigados a efectuar declaración dos seus bens e dereitos e daquelas actividades que poidan constituír causa de incompatibilidade, de acordo co establecido na lexislación vixente, e de calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

2. As declaracións deberán formularse inicialmente como requisito para a adquisición da condición plena de deputada ou deputado e no prazo dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición. Así mesmo, deberán actualizarse sempre que existan circunstancias que as modifiquen. Para estes efectos, a Mesa aprobará os modelos aos que necesariamente deberán axustarse as declaracións.

3. A declaración de bens e dereitos conterá, entre outros, os seguintes datos:

a) as rendas percibidas de calquera clase;

b) os bens e dereitos de contido económico dos que sexa titular o declarante e os títulos representativos do capital en calquera entidade xurídica;

c) os créditos, préstamos e débedas que integran o seu pasivo;

d) a cota líquida pagada polo imposto da renda das persoas físicas.

4. Na declaración de bens e dereitos deberá constar a súa valoración, segundo os seguintes criterios:

a) Os bens inmobles, polo valor catastral

b) Os vehículos, embarcacións e aeronaves valoraranse segundo os prezos medios de venda aprobados polo Ministerio de Economía e Facenda.

c) Os restantes bens e dereitos valoraranse aplicando os criterios de valoración do imposto sobre o patrimonio.

No suposto de bens e dereitos indivisos indicárase o valor que corresponda segundo a porcentaxe de participación da persoa declarante no ben ou dereito correspondente.

5. As declaracións sobre actividades e bens inscribíranse no Rexistro de Intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa da Presidencia. O seu contido será público, a través do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e da web institucional da Cámara, salvo aqueles datos referentes á localización dos bens inmoebles e aqueles outros que a Mesa acorde omitir para salvagardar a privacidade e a seguridade dos seus titulares.

Tamén se inscribirán neste Rexistro as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e cantos outros datos sobre actividades dos deputados sexan remitidos pola Comisión do estatuto dos deputados e non consten previamente nel.

«Artigo 70

3. Serán secretas, en todo caso, as sesións da Comisión do Estatuto dos Deputados.»

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Pedro Puy Fraga  
José Luis Méndez Romeu  
Francisco Xesús Jorquera Caselas